

FESTAS DE MELIDE

Celtas Cortos e Tanxugueiras poñen a música ás Festas de Melide

O domingo é o Día do Río
» Hai verbena todas as noites



Concerto de Tanxugueiras. // Santos Álvarez

B. C. [MELIDE]

As festas de Melide comezan este mércores, 14 de agosto, da mellor maneira, co concerto de Celtas Cortos e as actuacións de Os Melidaos e Xascariz, o proxecto de Suso Ascariz.

A música continúa o xoves, día 15, festivo, coa orquesta Combo Dominicano, unha das máis aclamadas nas verbenas galegas. Nesta

xornada tamén participa Mekánica Rolling Band. O 16 de agosto, San Roque, o prato forte é a Panorama, que leva a Melide o seu espectáculo *Inteligencia Artificial Tour*. Unha noite que ninguén pode perder. A Banda de Música de Visantón e a formación Festicultores Troupe tamén estarán na festa.

O sábado, día 17, toca bailar. Primeiro con Nueva Fuerza, Coral Po-

lifónica de Melide e Froito Novo. Xa pola noite será a quenda das Tanxugueiras, o grupo formado por Aida Tarrío e Olaia e Sabela Maneiro. Melide poderá gozar de temas tan coñecidos como *Terra* ou *Averno*.

O domingo 18 é o Día do Río. A charanga Ardores levará a música ás rúas. Haberá actuación da Banda de Música de Arzúa e na verbena a protagonista será a París de Noia.

AS FESTAS REMATAN O
MÉRCORES 21 DE
AGOSTO COA
CELEBRACIÓN DO
DÍA DO NENO,

E os festexos non rematan aí. O cartel do luns, día 19, está formado polo Grupo Bomba, Herba Gri-leira e Los Satélites. Para o martes, o plan é bailar coa Banda de Música de Ribadulla, a orquestra Olympus e a formación Louband. Por último, o mércores 21 de agosto será o Día do Neno, con xogos para os máis pequenos no cantón de San Roque.